

ACTA III

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OFERTA EXTRAORDINARIA EMPREGO PÚBLICO 2022
PROCESO ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL LEI 20/2021
CONCURSO LIBRE. DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO SUPERIOR, PERTENCENTES
Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA SUPERIOR.
EXPTE. 655/406.

Na sala de reunións da Xerencia Municipal de Urbanismo, ás 10.30 horas do 17 de xaneiro de 2023 constitúese o Tribunal cualificador do concurso libre para a estabilización de emprego temporal e ingreso en dous prazas estruturais e vacantes existentes no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) do Concello de Vigo que ben se atopan ocupadas de forma temporal e ininterrompida desde data anterior ao 1 de xaneiro de 2016 ou ben se atopan ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016 (Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público); as prazas, pertencentes o Grupo A, Subgrupo A1 encádranse na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior (Arquitecto). As Bases específicas reguladoras da convocatoria publicáronse no BOP de Pontevedra de data 22.06.2022, o anuncio da convocatoria sinalando o BOP no que se publicaron as Bases e determinando o inicio de prazo de presentación de solicitudes publicouse no BOE de data 18.07.2022.

Integran o Tribunal os seguintes membros:

Presidente

D^a Beatriz Rodríguez Yáñez, TAX da XMU.

Vogais

D. José María Domínguez Blanco, TAX da XMU.

D^a M^a Jesús Carballo Núñez, Arquitecta da XMU.

Secretario

D. José Riesgo Boluda. Secretario da XMU.

Persoal colaborador

D^a Teresa M^a Rivas Rodríguez, Administrativa de Administración Xeral da XMU.

É obxecto da reunión proceder ao exame das tres alegacións presentadas á valoración realizada polo Tribunal en reunión de data 29 de novembro de 2022 (Acta publicada no taboleiro electrónico da Sede Electrónica en data 07.12.2022) respecto dos méritos acreditados polas persoas aspirantes.

Constan no Expediente escritos de alegacións de D^a Susana Alberte Sendín (Doc. 220324658, rexistrado en data 15.12.2022), de D^a Marta Candocia Acción (Doc.

220330089, rexistrado en data 18.12.2022) e de D. David Portela Alonso (Doc. 220333152, rexistrado en data 20/12/2022).

I. D^a Susana Alberte Sendín alega que na Acta da reunión de data 29.11.2022 existe un erro no cómputo do período do primeiro contrato aportado subscrito coa mercantil "Xestión Urbanística de Ourense" en tanto tal contrato foi prorrogado ata o 26.12.2003; así mesmo advirte que tal contrato non foi como "arquitecta técnica", senón como "arquitecta" para a realización de traballos técnicos propios da súa profesión.

Estímase a alegación. Procede rectificar o epígrafe g) do apartado A) "Experiencia Profesional" computando os servizos prestados na empresa privada no período 5.08.2002 / 26.12.2003 (16 meses) en calidade de arquitecta.

Estímase a alegación referida a un terceiro contrato coa mesma mercantil no período 13.08.2004 / 30.11.2004. Tal contrato consta acreditado na documentación presentada.

Da alegación presentada resulta, respecto da concursante, a seguinte puntuación final:

A) Experiencia profesional. Máx. 54,00

g) Emp. Priv./Aut. **23** m. x 0,045 p. (máx. 5,40): **1,035**

Total A) (a+b+c+d+f+g): **11,835**

Total (A+B) (11,835 + 4,50): **16,335**

II. D^a Marta Candocia Acción alega que na Acta da reunión de data 29.11.2022 existe un erro no cómputo do período de servizos efectivos prestados en calidade de traballadora autónoma dende o 01.07.2004 ata o 31.07.2008 (49 meses) desenvolvendo traballo na Oficina Municipal de Rehabilitación do Concello de Mondoñedo.

Estímase a alegación. Na documentación presentada constan acreditados tales traballos. Procede rectificar o epígrafe g) do apartado A) "Experiencia Profesional" computando os servizos prestados en calidade de traballadora autónoma (arquitecta) no período 01.07.2004 / 31.07.2008 (49 meses) en calidade de arquitecta.

Alega que no apartado B), "Méritos Académicos", no epígrafe 2. b.3. "outros méritos" non se valorou o Máster Universitario en "Rehabilitación Arquitectónica" (UDC), ano 2010, 60 créditos, 600h.

Estímase a alegación. Na documentación presentada consta acreditado tal mérito académico.

Da alegación presentada resulta, respecto da concursante, a seguinte puntuación final:

A) Experiencia profesional. Máx. 54,00

g) Emp. Priv./Aut. **49** m. x 0,045 p. (máx. 5,40): **2,205**

Total A) (a+b+c+d+f+g): **13,005**

B) Méritos académicos. Máx. 6,00 (1. Cursos de formación. Máx. 3,00 p. 2. Outros méritos: Máx. 3,00 p.)

2. Outros méritos: Máx. 3,00

b) Posesión dos seguintes títulos (máx. 1,50)

b.3 Outra tit. univ. non aportada como requisito: 0,80 + 0,80: Sí. 1,50

Total 2 (a + b) (0,00 + 1,50): **1,50**

Total B) (1+2) (1,90 + 1,50): **3,40**

Total (A+B) (13,005 + 3,40): 16,405

III. D. David Portela Alonso alega que na Acta da reunión de data 29.11.2022 existe erro no cómputo do período de servizos efectivos prestados en calidade de traballador autónomo.

Estímase parcialmente a alegación. Aporta documentación de actividade de arquitecto na Comunidade de Bens Portela + Regengo CB para prestación de servizos profesionais de arquitectura e urbanismo no período 1.12.2010/ 31.12.2017. Aporta alta IAE (modelo 036) da CB (1.12.2010). Aporta documentación xustificativa de traballos profesionais con visado colexial realizados en tal período. Aporta xustificantes de cotización desde o 10.10.2008 á "Mutualidade de Arquitectos" (HNA), entidade aseguradora da xestión da previsión social do colectivo de arquitectos, sistema alternativo a alta no RETA (artigo 2 R.D. 1430/2002; Disp. Ad. 15 Lei 30/1995 e Disp. Ad. 18 R.D.Lex. 8/2015). Computa por tales servizos na CB como traballador autónomo, apartado g), un período de 71 meses ao advertirse que sete meses, dos 78 reclamados, coinciden con servizos prestados na XMU.

Da alegación presentada resulta, respecto do concursante, a seguinte puntuación final:

A) Experiencia profesional. Máx. 54,00

g) Emp. Priv./Aut. **83** m. x 0,045 p. (máx. 5,40): **3,735**

Total A) (a+b+c+d+f+g): **30,015**

Total (A+B) (30,015 + 2,20): 32,215

Resoltas as alegacións presentadas, da valoración de méritos resulta a seguinte,

Orde de Puntuación

GUSTAVO MALLO CAMAÑO (54,00 + 1,70): 55,70

SANTIAGO ULLOA AYORA (41,85 + 3,50): 45,35

JESÚS FERNÁNDEZ GARABAL (29,835 + 2,90): 32,735
DAVID PORTELA ALONSO (26,82+ 2,20): 32,215
LORENA GONZÁLEZ GARCÍA (26,46 + 4,30): 30,76
ALICIA RESILLE MARTÍNEZ (12,78 + 4,00): 16,78
MARTA CANDOCIA ACCIÓN (13,005 + 3,40): 16,405
ANA I. FUENTES GARCÍA (11,70 + 4,70):16,40
SUSANA ALBERTE SENDÍN (11,835 + 4,50): 16,335
MANUEL PUEYO VARELA (9,585 + 4,10): 13,685
MANUEL RODRÍGUEZ RAMOS (5,67 + 2,30): 7,97
ELISA DÍAZ LORENZO (5,40 + 0,20): 5,60
ZARAIDA MARTÍNEZ SANMARTIN (3,42 + 0,80): 4,22
TANIA VARELA GRACIA (0,675 + 0,60): 1,275
DAVID ESTÉVEZ ALONSO (0,00 + 0,00): 0,00
RAQUEL GILAZAÑA RAMOS (0,00 + 0,00): 0,00

Conforme a Base Sétima das Bases da convocatoria o Tribunal acorda:

PRIMEIRO. Publicar no Taboleiro Electrónico Municipal (Sede Electrónica) a presente Acta na que consta a relación definitiva de aspirantes na Orde de Puntuación alcanzada.

SEGUNDO. O Tribunal eleva á Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo a presente Acta e a proposta de nomeamento como funcionarios de carreira da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencentes á Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior (Arquitecto) encadrados no Grupo A, Subgrupo A1 das seguintes persoas aspirantes:

D. GUSTAVO MALLO CAMAÑO *5852****

D. SANTIAGO ULLOA AYORA *1019****

TERCEIRO. No prazo dos tres días naturais seguintes ao da publicación da presente Acta no Taboleiro Electrónico Municipal (Sede Electrónica) os aspirantes seleccionados presentarán nos Servizos Centrais da XMU os documentos sinalados na Base Oitava das Bases da convocatoria.

CUARTO. A adxudicación de postos de traballo efectuarase de acordo coas peticións dos interesados entre os postos ofertados aos mesmos, segundo a orde obtida no proceso selectivo.

Sendo as once horas levántase a reunión formalizándose a presenta Acta que asinan comigo os membros do Tribunal do cal, eu, secretario, DOU FE.